

# Contidos en anacos



Organiza



Museo  
do Pobo  
Galego


Colabora





## Contidos en Anacos

Este que tes nas mans forma parte dunha serie de xogos cos que o Departamento de Educación e Acción Cultural tenta facilitar e facer máis atractiva a visita do público adulto ao MPG. Cunha dinámica de xogo de pistas procúrase achegar os contidos da colección permanente do Museo dun xeito distinto e divertido.



## Recomendacións sobre o xogo

1 \_\_\_\_\_

Antes de nada lembra que é recomendable ler as instrucións e os enunciados amodo para desenvolver o xogo adecuadamente.

2 \_\_\_\_\_

O xogo está recomendado para persoas adultas.

3 \_\_\_\_\_

Consta deste libriño no que vas atopar o material preciso: os planos da planta baixa, entrechán e primeira, as pistas e as solucións. Tamén se inclúe unha breve explicación sobre o Museo e a súa colección.

4 \_\_\_\_\_

De teres algunha dúbida, podes acudir ao persoal de recepción e sala.

5 \_\_\_\_\_

Por favor, ao acabares, devolve o material ao persoal de recepción.



## Instrucións para xogar

1 \_\_\_\_\_  
Deberás comezar onde se che indica e seguir a orde numérica que marca o xogo; por suposto, non debes pasar á pista seguinte sen ter solucionado a anterior.

2 \_\_\_\_\_  
Ao encontrares todas as pistas, comproba se son as correctas coas imaxes que se mostran no apartado das solucións.

3 \_\_\_\_\_  
Unha vez solucionadas todas as pistas deberás concluír que é o que teñen en común todas elas. O elemento que as une será o destino final da túa visita.

Moitas grazas!



## MUSEO DO POBO GALEGO

O Museo do Pobo Galego creouse en 1976 baixo os auspicios dun Padroado integrado por boa parte das institucións que aglutinan a quen traballa en prol da cultura de Galicia, por un amplo número de especialistas nas distintas áreas da mesma e por representantes das administracións públicas galegas. Na actualidade segue a ser unha entidade creada e xestionada desde a sociedade civil e a súa titularidade segue a ser dos socios e socias do Padroado do Museo do Pobo Galego.

As primeiras salas inauguráronse en 1977, no edificio do antigo convento de San Domingos de Bonaval, cedido polo Concello de Santiago de Compostela. Este é un museo que, desde a perspectiva da antropoloxía cultural, tenta abranguer e relacionar as diversas manifestacións humanas no seo dunha comunidade diferenciada, recollendo, conservando e estudando as mostras da cultura espiritual e material para, a través desa realidade, coadxuvar na construción do futuro colectivo.






O antigo convento de San Domingos de Bonaval foi construído no século XIII ás portas dunha das principais entradas da muralla que circundaba a cidadela medieval. A igrexa é a parte máis antiga deste conxunto. Construída entre os séculos XIII e XVIII, nela pódense observar distintas expresións artísticas de cada etapa construtiva, entre as que destaca na cabeceira o único exemplo de gótico mendicante que se conserva na cidade. Nesta igrexa atópase o Panteón de Galegos Ilustres, espazo que no seu día se destinou a albergar os restos de persoas importantes na cultura galega. O corpo conventual que hoxe conservamos responde maioritariamente á reconstrución realizada entre 1695 e 1705 por Domingo de Andrade –arquitecto destacado principalmente por ser, naquel momento, Mestre de Obras da Catedral-. Do seu traballo neste edificio hai que destacar a tripla escaleira helicoidal e o claustro.

A colección permanente do MPG pretende mostrar as distintas facetas que definen a cultura de Galicia. Así, desde as diferentes salas podemos ver un compendio da diversidade da cultura tradicional galega, tentando abranguer e relacionar as diversas manifestacións humanas no seo dunha comunidade diferenciada.



As salas que encontraremos son:

## PRIMEIRA PLANTA



### Sala de Arquitectura

O espazo constitúe o ámbito no que o ser humano se relaciona co seu medio e a arquitectura conforma, nese espazo, os ámbitos pechados e abertos (exteriores e interiores), nos que se desenvolve a actividade humana.

Factores de carácter material -o clima, os materiais, a tecnoloxía...- e outros de carácter sociocultural -a economía, os costumes, os conceptos estéticos... -, determinan as distintas solucións espaciais e construtivas que pola súa identificación con cada pobo e as súas inmediatas necesidades constitúen un dos seus máis destacados sinais de identidade.

Destas solucións, a casa-vivenda é quizais o exemplo máis claro desa identidade contida na arquitectura. A casa acubilla o elemento básico da sociedade máis a súa vez, habita o lugar común do territorio.



## Sala de Sociedade

A sala divídese en cinco seccións nas que se caracteriza o pobo galego.

**O Espazo e a Sociedade:**

A sociedade tradicional estrutúrase ao redor da casa, da aldea e da parroquia. A casa, unidade de produción, susténtase principalmente no traballo dos seus membros. A emigración á procura dos medios de subsistencia condicionou fortemente a estrutura social xa que non hai familia galega que non conte con algún membro na diáspora. A aldea e a parroquia son os grupos sociais baseados no territorio. As feiras e os mercados son de grande importancia para o desenvolvemento local, funcionando como centros de intercambio económico e social entre parroquias.

**O Devalar das Horas:**

A distribución do tempo ao longo do día non é igual para todos os membros da familia, pois os distintos labores repártense segundo a idade e o xénero. A época do ano tamén determina a xornada.

**O Tempo Cíclico:**


O concepto do tempo baseado no comportamento da natureza e organizado a través de lle pór marcas ao tempo: as festas.

**A Correnteda Vida:**

As diferentes etapas da vida, coas súas obrigas e dereitos, están máis definidas por circunstancias sociais e culturais do que polos anos.

**Crenzas e Saberes:**


As crenzas son as propias da relixión católica e para defenderse do mal utilizan obxectos santificados e armas simbólicas. O máis significativo do universo simbólico galego relaciónase co mundo dos mortos, coa Santa Compañía como exemplo. Para a medicina tradicional a enfermidade é provocada por un espírito maligno que entra polo corpo. A vía de entrada dá nome ás distintas enfermidades e a curación consiste en expulsar o mal na igrexa ou en lugares maléficos asociados ao demo ou ás bruxas (montes, mar, cemiterio, etc.).



# ENTRECHÁN

## Salas de Oficios

Técnicas tan antigas como as do tecido, a cestería ou a cerámica fan parte das tarefas ou traballos máis especializados que foi necesario desenvolver para acadar produtos ou elementos imprescindibles para cubrir as necesidades básicas. Estes oficios podían ter carácter ambulante, como afiadores, canteiros ou carboeiros, o que implicaba unha emigración temporal en busca de traballo; outros contaban cun obradoiro de traballo estable, como no caso dos carpinteiros ou ferreiros; outros eran traballos estacionais, como os telleiros que só traballaban no verán; ou aqueles outros que traballaban unha temporada no seu obradoiro e posteriormente se desprazaban para facer o seu traballo, como os zoqueiros e cesteiros. (A Sala de Oficios continúa na planta baixa)



## Sala de Indumentaria

Ao falar do traxe tradicional ou típico dun lugar o pensamento adoita levarnos a unha construción que vén da Ilustración e do folclore decimonónico. Existen en cada época traxes diferentes dependendo das modas, da súa utilidade e da posición económica, social e civil de cada individuo. O certo é que a forma de vestir é algo que se transforma ao longo do tempo e que non é igual nin en todos os lugares nin para todas as persoas. O que se pode ver na sala son diferentes modas dunha mesma época, a que se corresponde con finais do século XIX e comezos do XX.


## Sala de Música

A música é unha forma de expresión da sociedade que a crea e dos seus acontecementos vitais e sociais. Aquí poderás ver e escoitar unha mostra representativa dos instrumentos que conforman o noso amplo corpo musical e tamén algunhas das manifestacións asociadas á música, como poden ser o baile ou as danzas.

## PLANTA BAIXA

### Sala do Campo

A agricultura tradicional foi un sistema eficiente baseado fundamentalmente na interacción entre o policultivo, a gandaría e o monte. Apeiros e técnicas agrícolas e silvicultoras xunto cos cultivos que protagonizaron a dieta dos e das galegas durante séculos fan parte dunha sala onde tamén se presentan os distintos medios de transporte, entre os que destaca o carro.



### Sala do Mar

A lonxitude e riqueza biolóxica da costa galega converteu o mar nunha importantísima fonte de recursos para as poboacións do litoral. Durante séculos a pesca artesanal, o marisqueo e as actividades asociadas, como a construción de embarcacións ou a conservación do peixe, foron o sustento das familias mariñeiras. Hoxe en día o mar segue a ser unha importante fonte de traballo, directo ou indirecto, pero tamén continúa a ser xerador dunha extensa cultura material e inmaterial.

## Pistas

A \_\_\_\_\_  
Estes arcos son moi utilizados en Galicia para que a arquitectura nos protexa da chuva. Encontra a imaxe onde se ven e fixate ben!

B \_\_\_\_\_  
Busca na sala de sociedade unha das festas máis populares cuxa procesión non se fai por terra.

C \_\_\_\_\_  
A sociedade galega viuse obrigada a marchar na procura de traballo. Encontra o cartel coas ofertas de saída.

D \_\_\_\_\_  
Procura un instrumento de percusión cuxo son se produce coa fricción dunha cara contra a outra.

E \_\_\_\_\_  
Encontra un traballo feminino relacionado coa indumentaria.

F \_\_\_\_\_  
Parecen cestos pero son trampas. Como se chaman?

G \_\_\_\_\_  
Hai un oficio que coa súa materia prima fai desde zapatos até medios de transporte. Cal é?

H \_\_\_\_\_  
Para estercar o campo podemos utilizar moitos tipos de estrume... Encontra a padiola (un utensilio que se leva entre dúas persoas) e fixate no que carga, que é?



# Solucións: os Anacos.

## Atopaches todos os anacos?

Os soportais



A festa do Carme



O cartel das compañías de vapores para o transporte a América



As cunchas



O encaixe



As nasas



Os carpinteiros de ribeira



As algas



Cal é a sala que contén todos estes anacos?  
Dirixete a ela e contámoscho.



## O CONTIDO, O MAR.

Unha terra como a galega cunha franxa litoral tan ampla ten, necesariamente, que explotar esta fonte de innumerables recursos. Ademais da pesca e do marisqueo, son moitos os traballos directos e indirectos que se desenvolven ao redor do medio mariño. Por exemplo, na entrada da sala, podedes ver a maqueta dos carpinteiros de ribeira, especializados na construción de barcos e que reciben este nome por situar o seu obradoiro na ribeira do mar ou do río.

As embarcacións tradicionais saídas destas carpinterías de ribeira están representadas na sala por distintas maquetas e por unha dorna, unha traíña e unha gamela que no seu día navegaron e foron usadas para pescar nas rías galegas. Estas embarcacións navegaban a vela ou a remo e a introdución no século XIX do motor, de vapor primeiro e a diésel máis tarde, supuxo un cambio na súa fisionomía pero principalmente reportoulles un maior poder de tracción e unha independencia dos elementos que coaduxeron ao desenvolvemento da pesca galega. Outros usos como o do transporte por mar, tanto de mercadorías como de persoas, creceron enormemente coa chegada dos motores á navegación.





Nas vilas mariñeiras como a que podes ver ao fondo da sala, ademais do característico peirao e de diferentes artes de pesca como as nasas ou as redes que vemos secando, tamén se secaba o peixe para a súa mellor conservación. Xunto a estas estruturas denominadas secadoiros, a salga e máis tarde a conserva foron distintos métodos de facer perdurar un alimento perecedeiro, ademais de ser unha actividade que incrementaba un chisco os ingresos das familias mariñeiras.

As nasas que ves na sala son antigas técnicas de pesca que, aínda que cambiaron o material do que se fan (vimbios, madeira e ferro), manteñen a mesma técnica de captura: atraer co cebo a especie que se desexe coller. A forma da boca e o efecto funil deixa entrar pero non saír o que se pesca con elas; normalmente, todo tipo de crustáceos e polbo.



Entre as máis importantes artes de pesca están as redes. Elaboráronse con tecidos naturais até a chegada e xeneralización do nailon, o que fixo necesario arranxalas con frecuencia. Estiralas, secalas e coselas era labor de cada unha das xornadas de pesca e as redeiras ou atadeiras as mulleres que o levaban a cabo. Outro traballo que adoita ser das mulleres é o do encaixe. En toda a costa galega o traballo coa almofada e os palillos converteuse nunha actividade que xeraba ingresos a maiores da actividade pesqueira. No século XVIII o comercio do encaixe aumentou significativamente e chegaron a existir libros de mostras usados no comercio colonial con América, principalmente con

Cuba. Este encaixe faciase na casa, moitas veces mentres agardaban a chegada dos barcos trala que terían que encargarse da clasificación e venda do peixe. A tipoloxía de casa mariñeira con soportais daba refuxio nos seus baixos a parte da actividade desenvolvida na vila así como aos barcos e aparellos cando era necesario.

Ademais da explotación do mar, as familias mariñeiras podían ter algo de horta e uns animais que garantiran o autoconsumo. Para estercar a terra usaban algúns mariscos e tamén as algas que recollían en padiola á beira do mar. Na actualidade este produto conta cun importante e renovado comercio.

Algúns dos elementos que proveñen das capturas ou das crebas poden ter outros usos. Por exemplo, as cunchas de vieira son usadas como instrumento musical ou os caracois de mar (tamén chamados “buguinas”) que se usaron como bucinas cando a néboa impedía a visibilidade no mar. Como elementos que producían ruído ou música podían ter un uso festivo, sobre todo na festa por excelencia da xente do mar: o día do Carme. Cada 16 de xullo nos portos sucédense procesións marítimas nas que se porta a imaxe da virxe ou se executan danzas que veñen dos tempos do antigo gremio de mareantes.

